



**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO  
CONCELLO DE ARZÚA ( A CORUÑA).**

**CERTIFICO:**

Que o Alcalde con data 03-06-2019, ditou o Decreto número 378/2019 que deseguido se transcribe literalmente:

<< **Descrición Decreto: Aprobacion convocatoria e bases RISGA.**

**DON JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A  
CORUÑA )**

Vista a Orde de 12/12/2018 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se concede unha subvención para contratación temporal de persoas preceptoras de RISGA e resolución do delegado territorial da consellería outorgando subvención para contratación de dous peóns de servicios varios.

Visto o expediente tramitado para a convocatoria e aprobación de bases de persoal para proceder a súa selección constando:

Providencia da Alcaldía de data 03/06/2019.

Informes de secretaría e intervención de data 03/06/2019, enterado do contido integro dos mesmos e das advertencias contidas nos mesmos.

Visto que a orde de 12/12/2018 ten como data límite para formalizar as contratacións do día 12 de xuño de 2019, estando subvencionados pola Xunta de Galicia Consellería de Economía, Emprego e Industria os custos salariais de contratación deste persoal laboral temporal.

Ante a urxencia da contratación para non perder dita subvención en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público avogando as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local para aprobación de bases de selección de persoal nete expediente pola presente en uso das facultades outorgadas legalmente

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á convocatoria e aprobación das bases para a contratación laboral temporal, a xornada completa, mediante o sistema de

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



oposición libre, de dous peóns para realización de tarefas de protección e mantemento medioambiental, na modalidade de contrato de obra ou servizo de interese xeral e utilidade social nomeado “Grupo municipal de servizos varios, cuxo contido é o seguinte:

**BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE DOUS PEÓNS PARA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE OBRA OU SERVIZO DE INTERESE XERAL E UTILIDADE SOCIAL DENOMINADO “GRUPO MUNICIPAL DE SERVICIOS VARIOS”**

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de dous peóns para realización de tarefas de protección e mantemento medioambiental, mediante oposición libre, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos no artigo 13 da Orde do 12 de decembro de 2018, publicada no DOG núm. 6 de data 09/01/2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia ( Risga) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019.

Esta contratación realizarase na modalidade de contrato de traballo temporal, por obra ou servizo, coa cláusula específica de traballo de interese social; regulada por Orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 19 de decembro de 1997.

**SEGUNDA.- DURACIÓN.**

A duración do contrato será de 9 meses a contar dende a formalización do contrato.

**TERCEIRA.- XORNADA DE TRABAJO.**

A xornada de traballo será de vinteito horas (28) semanais.

**CUARTA.- FUNCIONES.**

- limpeza viaria
- recepción, atención e acomodación de peregrinos
- limpeza pavillóns.
- Recollida de lixo
- desbroce

**QUINTA.- RETRIBUCIONES SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



O salario será de 1.083,68 euros brutos mensuais, distribuídos nos seguintes conceptos:

- sueldo: 928,87 euros
- prorrateo de pagas extraordinarias: 154,81 euros.

#### **SEXTA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

A) Ter a nacionalidade española o algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52 da Lei do emprego público de Galicia permita o acceso ao emprego público.

B) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

C) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público.

D) Ter feitos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

E) Posuír as aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

F) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e ser perceptor da Risga.

#### **SÉTIMA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 13 da citada Orde de 12 de decembro de 2018, observaranse os requisitos e criterios previstos para levar a cabo unha preselección dos traballadores e traballadoras interesados/as en participar neste procedemento de selección.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



O Concello de Arzúa dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web. Asemade, o Concello presentará unha oferta de emprego, nos modelos normalizados para iso, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores/as a contratar conforme ao establecido na anterior base sexta.

Unha vez recibida a oferta, os servizos de emprego realizarán unha sondaxe de demandantes de emprego en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos/as por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novos candidatos só procederá cando o concello xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán presentarse o día seguinte nas oficinas municipais requiríndoselles para que:

- manifesten a súa vontade de participar neste procedemento de selección, e
- presenten solicitude conforme ao modelo contido no **ANEXO I**, xunto coa seguinte documentación:
  1. D.N.I. ou equivalente
  2. titulación esixida conforme ao disposto na base sexta, apartado B)
  3. CELGA 2 ou equivalente, no seu caso. Os/as aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización de proba de acreditación do coñecemento do galego.
  4. De non acreditarse o coñecemento do galego será obrigatoria a realización dun exercicio-entrevista en data e hora fixada pola Comisión I de carácter obrigatorio e eliminatorio. Dito exercicio consistirá nunha tradución a galego durante un tempo máximo de 5 minutos e sen axuda do dicionario. O exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril). A Comisión será asistida para asesoramento por normalizador/a lingüístico/a.

As solicitudes xunto coa documentación indicada deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, a contar dende o seguinte ao da presentación do candidato seleccionado nas oficinas municipais.



## **OITAVA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A súa composición será a fixada en decreto da Alcaldía con lista definitiva de admitidos e no seu caso excluídos do proceso de selección.

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público. Todos con voz e voto.

En cumprimento da Orde de 12/12/2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) formará parte da Comisión representantes da Consellería de Economía, Emprego e Instrución, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Gallego de Servizos de Igualdade e Benestar.

1.- Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga a Comisión o/a secretario/a redactará acta. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

2.- Os membros da comisión absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

3.- A Comisión resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

4.- A comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso en todo caso a asistencia do Presidente e do Secretario.

5.- A Comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os anteditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran na respectiva Comisión.

6.- Os membros concorrentes ás sesións da Comisión e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.



7.- O alcalde, vista a proposta da Comisión, procederá á ditar a Resolución correspondente que aprobará as contratacións.

Contra os actos e decisións do órgano de selección, poderase interpor polo/a interesado/a recurso de alzada ante o alcalde, sen prexuízo de calquera outro recurso que se estime oportuno.

### **NOVENA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando cinco días hábiles aos excluídos, no seu caso, para subsanacións, sendo necesaria en todo caso a aprobación de lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á realización da fase de oposición ( e exercicio no seu caso de coñecemento do galego) fixando a data de constitución da Comisión así como de realización da proba de oposición.

O proceso de selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de oposición cos/as candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Consistirá nunha entrevista. A valoración da entrevista será de 0 a 10 puntos, debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

A comisión realizará as mesmas preguntas en dita entrevista os/as candidatos /as e estarán relacionadas cós seguintes temas:

- 1.- Coñecemento do Concello de Arzúa , as súas vías públicas ,prazas edificios e parroquias.
- 2.- Coñecemento da situación dos parques xardíns e zonas verdes de Arzúa.
- 3.- Utensilios , maquinaria frecuente utilizada en xardinería .
- 4.- Prevención de riscos laborais do posto.

Motivarase a puntuación da entrevista na claridade de ideas, aspectos innovadores, coñecementos amosados na súa realización.

A entrevista de cada candidato/a no pode superar os cinco minutos.



O resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio da Comisión seleccionadora no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

En caso de empate aplicaranse os criterios de preferencia recollidos na Orde do 12/12/2018:

- A) Persoas que teñan asignado un proxecto de inserción laboral.
- B) Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- C) Persoas con cargas familiares.

A Comisión formulará proposta de contratación sen que esta poda superar o número de postos convocados e formulará a correspondente proposta de contratación das persoas candidatas remitíndo a mesma o Alcalde. A contratación será efectuada polo Alcalde asinándose o correspondente contrato laboral. A relación dos candidatos que serán contratados se cumpren o previsto na base seguinte , asinada pola Alcaldía será publicada no taboleiro e na páxina web. Os restantes candidatos/as pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o *a s seleccionados* cesen no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o seu cumprimento.

#### **DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Previamente á sinatura do correspondente contrato, o/a candidato/a seleccionado/a deberá achegar ao Departamento de Secretaría, no día seguinte - a seguinte documentación:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) da titulación esixida.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non ter sido/a separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Comprobado que reúnen os requisitos esixidos para o contrato o Alcalde ditará decreto resolvendo a contratación e formalizará cos seleccionados o contrato laboral temporal segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS**

Os candidatos/as non seleccionados pola orde decrecente da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que os/as seleccionados/as cesen no seu posto de traballo antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o seu cumprimento sempre baixo os condicionantes no relativo á substitución de traballadores e traballadoras, do disposto no artigo 14 da Orde de 12 de decembro de 2018.

#### **DÉCIMA TERCEIRA.- INCIDENCIAS.**

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas Bases.

#### **DÉCIMA CUARTA.- RECURSOS.**

As presentes bases como todos os actos derivados do procedemento de selección poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Os/as interesados/as poderán interpoñer tamén calquera outro recurso que estimen procedente.

### **DÉCIMO QUINTA.- NORMATIVA**

No non sinalado nas presentes bases de selección estarse ó previsto na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración lcoal e demais normas que resulten de aplicación.

### **ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE**

D/Dona \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_ e domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_ con nº de teléfono \_\_\_\_\_/\_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_  
declaro coñecer e aceptar as bases para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, mediante o sistema de oposición libre, de dous peóns para a realización da obra ou servizo denominado "GRUPO MUNICIPAL DE SERVICIOS VARIOS". ( RISGA)

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude copias da seguinte documentación:

- 1) DNI ou equivalente.
- 2) Titulación esixida conforme ao disposto na base sexta, apartado B).
- 3) CELGA 2 ou equivalente, no seu caso.

En Arzúa, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_

**A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



**SEGUNDO:** Publicar as bases integras no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

**TERCEIRO:** Solicitar o SEPE a oferta de emprego prevista nas bases e na orde de 12 de decembro de 2018, pola que se establcn as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social preceptores da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019.

En Arzúa, luns, 3 de xuño de 2019

O Alcalde - Presidente  
Asdo.- JOSÉ LUIS GARCÍA LÓPEZ

Dou fe, a secretaria  
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

>>

E para que conste para os efectos que corresponda, asino a presente certificación, o luns 3 de xuño de 2019.

A secretaria  
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ